



Informe de legalidade sobre o proxecto de orde pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

O Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, polo que se configuran como ensinanzas de réxime especial as conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos, aproba as





directrices xerais dos títulos e das correspondentes ensinanzas mínimas. En desenvolvemento desa norma, na Comunidade Autónoma de Galicia continúan implantadas as modalidades de Balonmán, Deportes de inverno, Deportes de montaña e escalada, Fútbol e Fútbol sala ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. Se ben o citado Real Decreto foi derogado polo Real Decreto 1363/2007, de 24 de outubro, por el que se establece la Ordenación General de las Enseñanzas Deportivas de Régimen Especial.

Logo da entrada en vigor da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e ao abeiro deste Real decreto 1363/2007, establecéronse nesta Comunidade Autónoma os currículos correspondentes aos títulos de Técnico deportivo en Atletismo, Baloncesto, Mergullo deportivo con escafandro autónomo, Hípica, Judo e defensa persoal, Salvamento e socorrismo, Piragüismo, Vela, así como os de Técnico deportivo superior en Atletismo, Baloncesto, Hípica e Piragüismo.

A Orde ECD/158/2014, do 5 de febreiro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva aos que se refire a disposición transitoria primeira do Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro, establece que o bloque común propio destas actividades de formación é obrigatorio e terá carácter de ensinanzas oficiais. Tal disposición é coincidente co establecido para as ensinanzas deportivas de réxime especial, e confire ás administracións educativas as competencias para a posta en marcha do bloque común en centros previamente autorizados para impartir ensinanzas deportivas de réxime especial en calquera das súas modalidades, de acordo co establecido no artigo 45 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

2. Necesidade e oportunidade

Actualmente atopámonos coa convivencia da ordenación das modalidades deportivas desenvolvidas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e aquelas que deben seguir sendo impartidas segundo a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.





Deste xeito procede concretar e unificar, na medida que a normativa vixente o permite, os procedementos que desenvolvan, para o ámbito de actuación territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, algúns aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas das ensinanzas de réxime especial que non están suficientemente desenvolvidas no Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, nin na Orde do 30 de maio de 2008 pola que se regula a avaliación das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, do 19 de xuño de 2008).

Os obxectivos desta orde de deportes son garantir unha correcta organización académica nos centros que imparten as ensinanzas deportivas de réxime especial e desenvolver determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro dos decretos polos que se establecen os currículos dos ciclos correspondentes aos títulos de técnico e de técnico superior destas ensinanzas.

O establecido nesta orde será de aplicación nos centros docentes públicos dependentes da Consellería competente en materia de educación, centros públicos dependentes doutras administracións e centros privados autorizados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que, baixo o principio de autorización administrativa impartan ensinanzas deportivas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, modificada pola Lei 3/2020, de 29 de decembro, e conforme ao estipulado no Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente





proxecto de decreto foi elaborado como anteproxecto pola Secretaría Xeral de Universidades.

A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade de 6 de abril de 2021, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Certificado de consulta pública previa entre o 8 de abril ao 22 de abril de 2021.
- Memoria órgano xestor sobre as achegas recibidas no trámite de consulta pública previa
- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico, de 10 de maio de 2021.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de decreto polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o 14 de maio de 2021, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade —emitido o 26 de maio de 2021—, á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa —emitido o 19 de maio de 2021—, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia —emitido o 24 de maio de 2021— e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos —emitido o 17 de xuño de 2021—.

Consta no expediente o certificado emitido o 15 de xuño de 2021 pola directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de exposición pública conforme ao artigo 42.4 da Lei 16/2010, no que se dá conta de que o texto íntegro do proxecto estivo exposto publicamente no portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 18/05/2021 e o 7/06/2021. Recibiuse unha suxestión a través do formulario dispoñible no devandito portal.





Así mesmo o proxecto de orde foi remitido a todas as consellerías da Xunta de Galicia aos efectos de que puidesen formular alegacións, recibindo as realizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, e pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade emitiu o seu informe favorable o 12 de xullo de 2021.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, **informo favorablemente** o proxecto de orde pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanza de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

